



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

**Outubro 2020**

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Outubro 2020

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 1,6% en Galicia en outubro de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 2,4%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 4,6% e no Resto de produtos un 2,0%.
- As vendas minoristas aumentan en sete comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes mantense estable (0,0%) en Galicia no mes de outubro de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que no conxunto de España diminúen un 4,0%.
- O índice xeral de ocupación diminúe o 1,7% en Galicia e o 3,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación diminúe en todas as comunidades autónomas no mes de outubro.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Outubro 2020				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	<b>Xeral</b>	108,8	1,6	-3,0
	<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	110,2	3,0	-1,3
	<b>Alimentación</b>	104,1	4,6	3,4
	<b>Resto</b>	114,9	2,0	-4,7

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	1,6	-3,0
Xeral sen estacións de servizo	3,0	-1,3
Alimentación	4,6	3,4
Resto	2,0	-4,7

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 1,6% en Galicia en outubro de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 2,4%.


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 3,0% respecto a outubro de 2019 en Galicia mentres que diminúe un 1,6% en España. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa as súas vendas un 4,6% en Galicia e 0,7% no conxunto de España.
- O Resto de produtos rexistra un incremento do 2,0% en Galicia e un descenso do 3,2% no conxunto do Estado.

Nos dez primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 3,0% en Galicia e un 7,6% no conxunto de España. As vendas en Alimentación aumentan un 3,4% en Galicia e un 0,1% en España. As vendas no Resto de produtos diminúen un 4,7% en Galicia e un 11,5% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 0,7%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en outubro en sete comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Asturias (2,4%) e Cantabria (2,2%). As maiores baixadas rexístranse en Canarias (-15,2%) e Illes Balears (-12,1%).

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Outubro 2020

### Taxas de variación en %



No que vai de ano, rexístranse descensos nas vendas en todas as comunidades autónomas. As maiores caídas rexístranse en Illes Balears (-16,6%) e Canarias (-15,7%). Os menores descensos danse en Galicia (-3,0%) e Castilla – La Mancha (-3,8%).


### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes mantense estable (0,0%) en Galicia no mes de outubro de 2020, mentres que descende un 4,0% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 3,1% en Galicia e diminúe un 1,7% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 7,2% e no Resto de produtos un 0,2%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación aumentan un 2,7% mentres que diminúen no Resto de produtos un 5,2%.

## Índices de comercio polo miúdo. Outubro 2020

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	111,1	0,0	-4,2
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	113,9	3,1	-1,3
<b>Alimentación</b>	112,8	7,2	5,9
<b>Resto</b>	114,1	0,2	-6,5



No que vai de ano, o índice xeral diminúe un 4,2% en Galicia e un 8,7% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 5,9% en Galicia e un 2,4% en España mentres que diminúen as vendas do Resto de produtos, -6,5% en Galicia e -13,4% en España.

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do -1,7% no mes de outubro en Galicia e do -3,0% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, o persoal ocupado diminúe un 1,1% en Galicia e un 2,2% en España.


#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista diminúe en outubro en todas as comunidades autónomas. Os maiores descensos rexístranse en Illes Balears (-9,0%) e Canarias (-6,6%). As menores baixadas amósanse en Aragón (-0,9%), La Rioja e Castilla y León (ambas as dúas -1,3%).

No acumulado do ano, as maiores caídas na ocupación danse en Illes Balears (-6,9%) e Canarias (-4,1%). Os menores descensos rexístranse en La Rioja (-0,6%) e Aragón (-0,7%).

## Índice xeral de ocupación. Outubro 2020

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Outubro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	111,1	0,0	-4,2	108,8	1,6	-3,0
Xeral sen estacións de servizo	113,9	3,1	-1,3	110,2	3,0	-1,3
Alimentación	112,8	7,2	5,9	104,1	4,6	3,4
Resto	114,1	0,2	-6,5	114,9	2,0	-4,7
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	107,9	-4,0	-8,7	105,5	-2,4	-7,6
Xeral sen estacións de servizo	109,6	-1,7	-6,5	106,4	-1,6	-6,4
Alimentación	115,9	2,7	2,4	106,7	0,7	0,1
Resto	104,8	-5,2	-13,4	106,3	-3,2	-11,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Outubro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	112,0	0,0	-4,6	109,1	0,7	-3,2
Xeral sen estacións de servizo	113,1	2,2	-1,8	109,9	1,4	-1,6
Alimentación	111,2	4,4	5,6	102,5	2,1	3,0
Resto	113,3	0,0	-7,2	116,2	1,3	-5,4
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	106,9	-4,0	-9,0	105,6	-2,7	-7,9
Xeral sen estacións de servizo	108,4	-1,7	-6,8	106,5	-1,7	-6,7
Alimentación	111,9	0,9	2,0	105,3	0,5	-0,2
Resto	105,3	-4,6	-13,9	108,6	-2,9	-12,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE



**Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Outubro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>107,9</b>	<b>-4,0</b>	<b>-8,7</b>	<b>105,5</b>	<b>-2,4</b>	<b>-7,6</b>
Andalucía	106,7	-5,1	-9,6	104,4	-4,0	-8,6
Aragón	107,4	-2,4	-8,5	105,5	-0,5	-7,0
Asturias	105,3	0,3	-5,8	104,0	2,4	-4,1
Balears, Illes	103,1	-13,2	-17,7	101,6	-12,1	-16,6
Canarias	93,1	-14,9	-15,4	90,1	-15,2	-15,7
Cantabria	105,4	0,7	-6,2	102,7	2,2	-5,0
Castilla y León	103,1	-3,7	-8,7	100,7	-1,8	-7,3
Castilla-La Mancha	112,7	-0,9	-5,3	110,3	1,5	-3,8
Cataluña	103,3	-5,2	-11,1	100,2	-3,5	-9,8
Comunitat Valenciana	109,1	-2,3	-7,3	107,8	-0,8	-6,2
Extremadura	99,1	-5,0	-8,0	97,1	-3,7	-7,2
<b>GALICIA</b>	<b>111,1</b>	<b>0,0</b>	<b>-4,2</b>	<b>108,8</b>	<b>1,6</b>	<b>-3,0</b>
Madrid	120,5	-1,5	-6,2	118,3	0,5	-4,8
Murcia, Región de	110,6	-2,0	-8,7	108,8	-0,8	-7,8
Navarra	110,0	-2,2	-8,7	107,7	-0,1	-7,2
País Vasco	108,7	-0,6	-5,4	105,1	0,8	-4,5
Rioja, La	110,6	-1,4	-6,2	108,9	1,4	-4,6
Ceuta	83,1	-18,3	-17,9	81,2	-17,8	-17,3
Melilla	84,0	-24,3	-21,8	81,8	-23,8	-21,3

Fonte: INE

**Cadro 4. Índices de ocupación. Outubro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	101,6	-1,7	-1,1
Xeral sen estacións de servizo	101,2	-1,6	-1,1
<b>España</b>			
Xeral	101,6	-3,0	-2,2
Xeral sen estacións de servizo	101,5	-2,9	-2,1

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Outubro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>101,6</b>	<b>-3,0</b>	<b>-2,2</b>
Andalucía	98,7	-2,9	-2,5
Aragón	102,9	-0,9	-0,7
Asturias	103,4	-2,2	-2,3
Balears, Illes	102,8	-9,0	-6,9
Canarias	101,1	-6,6	-4,1
Cantabria	102,2	-1,4	-1,6
Castilla y León	102,4	-1,3	-1,2
Castilla-La Mancha	100,3	-1,8	-1,5
Cataluña	100,1	-3,1	-2,0
Comunitat Valenciana	106,7	-1,8	-1,2
Extremadura	100,3	-2,3	-1,9
<b>GALICIA</b>	<b>101,6</b>	<b>-1,7</b>	<b>-1,1</b>
Madrid	102,4	-3,7	-2,5
Murcia	102,6	-2,6	-2,3
Navarra	100,5	-3,5	-2,7
País Vasco	101,5	-1,5	-1,2
Rioja, La	105,0	-1,3	-0,6
Ceuta	99,7	-3,8	-2,2
Melilla	100,3	-3,3	-2,4

Fonte: INE